

Fórmulas de compromiso. A poesía en 2006

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [2006]). “Fórmulas de compromiso. A poesía en 2006”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 150-155. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1148>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2006). “Fórmulas de compromiso. A poesía en 2006”. *Anuario Grial de Estudos Literarios Galegos*: 2006, 150-155.

* Edición dispoñíbel desde o 1 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Fórmulas de compromiso

A poesía en 2006

HELENA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Este semellou un ano de transición, aínda que non se sabe moi ben cara a onde. En xeral os premios non mudaron moito as cousas. Foi un ano marcado polas fórmulas de compromiso (enténdase o xogo no dobre sentido, como poesía comprometida e como proxectos poéticos para saír do paso). Aínda así, vaise confirmando a aparición dunha nova promoción de poetas, na que abundan os xornalistas. Curiosamente, a maioría interésase pola poesía consecuente co seu momento histórico e algúns deles comezan a cuestionar os estereotipos da masculinidade tal e como se concibía de maneira tradicional, por iso incorporan algunhas estratexias da gramática violeta na súa escrita e asumen como propia a histórica marxinalidade das mulleres. O obxectivo é escoller un lugar de enunciación que se sitúe fóra das fronteiras, nas marxes e en códigos específicos, porque desde a marxe é posible repensar e intervir. Neste ano cómpre ler con vagar a presenza institucional animando escolmas, precisamente cando remata a colección Poeta en Compostela, unha iniciativa que xa se comentou polo miúdo nunha panorámica anterior como proposta interesante que contribúe a inserir a poesía recente nos espazos da cultura da cidade, e que, de paso, serviu para recuperar numerosos títulos relativamente recentes pero publicados en coleccións singulares ou de autor, así como publicar algunhas rarezas, como o caderno poético das viaxes de Xavier Queipo, *Pegadas*, que consegue refugar a descrición das xeografías para escribir as emocións dos tránsitos. Outro libro singular deste ano foi *Dentro* de Antón Lopo (Xunta de Galicia), o poemario que se escribiu no marco dun proxecto artístico máis amplo que incluía unha exposición e mais diversas *performances* por Compostela.

A revisión panorámica do publicado serve para seguir abrindo interrogantes sobre o interese e a viabilidade dos múltiples premios, sobre a ausencia de accións conxuntas que axuden a callar as promocións poéticas que realmente existen e mais sobre o papel que pode ter internet na dinamización non só da autoedición illada, senón do diálogo e o debate poético.

As poetas entre o laboratorio e a gramática instituída

Incorporouse ao abano de lecturas dispoñibles unha gramática violeta que permite recoñecer de maneira doada moitos dos textos escritos polas poetas: abundar nun lugar da enunciación marcado, reutilizar mitos femininos convenientemente revisados, enunciarse desde

o corpo sexuado e recorrer a esas formas recoñecibles de feminismo etnográfico que se mesturan coa experiencia propia para conformar unha sorte de espazo común feito a partir da experiencia das mulleres. Non houbo moitos libros das poetisas (de certo noutros anos acadaron maior protagonismo), mais de maneira inesperada publicouse postumamente un poemario inédito de María Victoria Moreno, titulado *Elexías de luz* (Xerais), resolto na súa maior parte en forma de conto ou cantiga, e co ton directo que xa empregaba na poesía infantil.

E a maioría situáronse de maneira explícita nas coordenadas da gramática violeta aceptada. O compromiso coas mulleres e coa natureza, por veces achegado a un ecofeminismo da diferenza que a miúdo aparece como pinceladas noutros textos, convértese en tema central nalgúns libros. Con esa gramática violeta operativa, esa que xa asentou un código das orixes, temos que ler *O pozo da ferida* de Medos Romero, Premio Miguel González Garcés (Deputación da Coruña), un poemario feminista e solidario que inventaría os principais atrancos que sofren as mulleres nos países do Terceiro Mundo. O XVIII Premio Lorenzo Baleirón concedéuselle a Mariña Pérez Rei por *Fanerógama*, e todo apunta a que é unha das novas escritoras que se debe ter en conta, porque no seu caso os poemas, concibidos como relato, debullan en primeira persoa a experiencia vivida incorporando a natureza na identidade individual como un continuo indisoluble. Pola súa banda, Pura Salceda publica o seu primeiro libro de poemas en galego, *A ollada de Astarté* (Espiral Maior), no que aborda o erotismo coa intensidade do desexo desatado e o corpo en primeiro plano. A colección Poeta en Compostela na súa recta final fixo unha achega aínda máis decidida polas autoras coa publicación de varios poemarios inéditos. Así, neste 2006 apareceu o segundo poemario de Olalla Cociña, *Aquí (intemperies)*, sobre o estrañamento entre o eu e o discurso previo que a modela como muller; Ana Román publicou un texto pequeno, *Love me tender*, sobre a violencia doméstica no que a brutalidade do que se relata no texto ponse de relevo por contraste coa tenrura da banda sonora; e Marilar Aleixandre publica unha singular guía de campo poética titulada *Abecedario das árbores*. Espazos interiores e naturezas revisitadas complétanse coas inevitables xenealoxías, como as que suxire María do Carme Kruckenberg nas citas iniciais do seu *As complexas mareas da noite* (Espiral Maior), un poemario que propón unha revisión de todo o vivido. Por camiños máis transitados discorre o

Perfis e poéticas de Ánxeles Penas (Baía), que se concibiu coma unha longa galería de poemas aos amigos.

Agora ben, o libro máis arriscado e complexo do ano é o de María do Cebreiro, *Os hemisferios* (Galaxia), que sinala un cambio de rumbo nunha traxectoria poética intensa; un cambio que abunda no ton coloquial pero abandona a profusa intertextualidade explícita. A súa proposta consiste nun relato poético complexo que sirva para repensar as relacións e a diferenza no corpo, no amor e na linguaxe concibidos como planetas que están en permanente interferencia, orbitando a ritmos desiguais, uns arredor dos outros. O punto de partida dos poemas establécese nos xogos de contrarios que se complementan, coma dúas metades dun planeta, ou dun mundo. Tanto a estrutura coma o texto están ategadas de referencias que remiten a códigos simbólicos, a xogos metafóricos intertextuais ou a revisións de símbolos operativos en poemas que flúen mainos, co ritmo da prosa. Algúns destes poemas serviron como punto de partida para unha serie de fotografías da artista de Porto Joana Pimentel; nelas os versos prendían no corpo dunha muller figurando rastros. Outro libro arriscado, e se cadra pouco lido, foi *Monocromos*, de Olga Novo (Luis Burgos. Arte del siglo XX), con ilustracións de Concetto Pozzati. Confírmase unha viraxe na súa traxectoria que xa se insinuara n' *A cousa vermella*. Cada monocromo correspóndese cun código de cor que indica a temática: o verde relata o mundo da infancia, o azul é o autorretrato da poeta insolente, e o branco é a pescuda autorreferencial. A colección péchase cun poema provocador e insolente, "A idea da beleza F...O...D... E...R", que fai lembrar algunhas vangardas do século XX.

Fórmulas do compromiso

Bótase en falta a importancia do compromiso entre as novas voces e a necesidade de comprometer a estética coa historia, como xa se indicou na panorámica do ano anterior, especialmente cos tempos que corren e co século que se pechou, porque son momentos de recuperar memorias. O obxectivo non é só inventariar a barbarie ou reconstruír a experiencia dos seres humanos en situacións extremas de guerra e represión, senón que se procura implicar a quen le na sensación do desarraigamento, como experiencia real.

Daniel Salgado, un dos poetas máis seguidos da súa promoción, publica o seu terceiro libro mirando "de fronte as cousas da historia". *Éxodo* (Xerais) é un longo

poema escrito para ler en voz alta, se cadra cos modos beat como paspartú, pois non en van o autor é tradutor de Allen Ginsberg ao galego. O poema convértese nun longo percorrido polos exilios e a violencia que percorre a historia recente, sen demorarse no concreto como non sexa para romper coa tópica eurocentrista da barbarie, que parece cingirse só ao holocausto, e por iso Vietnam abrolla, para seguir lañando a nosa conciencia. Tampouco abunda en representacións coñecidas, pero subliñando que se trata dunha experiencia colectiva decisiva para os seres humanos, para quen a sufriron nos seus corpos (convenientemente localizados) mais tamén para quen a coñecemos por medio da memoria. O libro remata cunha declaración de intencións, unha sorte de auto-poética, que non deixa lugar a dúbidas sobre o compromiso ético do poeta co seu tempo. Unha radiografía para saber mellor da saúde ética de Occidente.

Cun ton moito máis directo, *Apostasia*, de Óliver Escobar (Positivas), ocupa o lugar do abandono voluntario da orde aprendida. Escrito como revisión dos relatos políticos que sustenta os poderes da Igrexa, por iso entra en debate coa teoloxía, coa historia do catolicismo e cos seus xestores actuais. Entre os exercicios paródicos e as máximas, os seus poemas concíbense como proclamas.

Xeografías, desertos e estrañamentos

Se cadra non é casualidade que os desertos e as xeografías do norte de África reaparezan nalgúns dos libros deste ano. O deserto e as súas cidades son territorios frutíferos para esculcar na identidade e por iso serven como espello. O deserto como *topos* literario e cultural é para nós unha mirada cómplice de norte a sur, non exenta de exotismo pero consciente de que no imaxinario occidental incorporamos parcialmente aquelas xeografías, xeografías cheas de portos, de lugares de partida. O deserto viría a ser un inacabable porto de escravos, lugar de partida e encontro entre norte e sur, pero tamén espazo da superación e, igual que a finais do século XIX, irrompe unha mirada do desexo tinguida de exotismo. O narrador Mario Regueira acadou o XVIII Premio Xose María Pérez Pallaré con *Tanxerina* (Espiral Maior), até agora o seu único libro de poemas. Baixo a aparencia dun relato, interponse o Magreb como espello para abundar nas fronteiras, na identidade, nos campos de refuxiados. Interesa neste libro particularmente o uso, por veces irónico, da enunciación feminina, que lle permite afirmarse

identitariamente nunha escrita estremeira só co recurso do xénero lido á luz da dialéctica colonial (pódense atopar as claves no manifesto “Xeracións” dispoñible no seu *blog* oportodosescravos.blogspot.com). A mesma situación de xénero constitúe precisamente o eixe articulador de *Cartas do terceiro día*, de Marcos S. Calveiro, VIII Premio Concello de Carral. Concibido coma unha serie de cartas, supostamente en nushu, a nai escríbelle á filla para aconsellala e manter a transmisión dos saberes aprendidos por unha liñaxe familiar, e como código exclusivamente feminino.

Volvamos ao deserto. Ben diferente aos anteriores é o uso que fai del Miguel Sande en *Hoxe, que vén o vento do sur* (Espiral Maior). O lugar é aquí metáfora para a indagación. Pilar Pallarés define no limiar a súa prosopista con suxestiva efectividade ao explicar que se trata dunha viaxe ao interior do deserto, da existencia e sobre todo dos límites da palabra, e para iso o autor recorre a unha “linguaxe seca”, á limpeza da linguaxe abstracta, que nin narra nin retrata. Pola súa banda, Pedro Rielo, na súa colección de poemas *As palabras furtivas* (Espiral Maior), inclúe unha sección titulada “Voces no deserto” na que, partindo do *topos*, reivindicada voces singulares e reflexiona sobre as identidades, aínda que o poemario, como moitos outros publicados neste 2006, se sitúa sobre todo no cotián.

Abundemos nas xeografías, sempre recorrentes. Manuel Vilanova reaparece logo de moitos anos co’ *A esmeralda branca* (Libros da Frouma). Se con *E direi-vos eu do mister de cobras* marcara un fito na poesía galega, neste terceiro poemario en galego, afastado de toda moda, artella una elaborada cosmovisión a partir da experiencia cotiá da paisaxe e da xeografía galegas, concedéndolle o protagonismo a Ribadavia. Os poemas apóianse no ritmo da narración e flúen naturalmente, permitindo unha lectura doada para transitar por un espazo tan intensamente vivido pero que abre portas á transcendencia e ao coñecemento, recorrendo á mirada atemporal dos elementos miúdos.

A natureza, no ronsel do *rerum natura* de Lucrecio, recunca tamén este ano e deu pé explicitamente a dous poemarios. Cos pés chantados na memoria, na nación e no territorio reaparece Darío Xohán Cabana con *Cabalgada de brétema* (Galaxia), que inclúe poemas que poden lerse como unha memoria xeracional, non sen moita ironía (“Vencerades vós”), e obsérvase unha intensa presenza do territorio, da toponimia e do espazo natural. Con estes tres marcos de lectura enténdese como unha declaración de afirmación

identitaria o poema “Carballo”. Un cambio de medidas, da paisaxe ao cosmos, da transcendencia á eséxese do cosmos, ese é o tránsito que vai de Vilanova ou Cabana á *Materia de Lucrecio* de Xabier Paz (Xerais). A proposta é enxergar no cosmos que coñecemos a través da ciencia, mais esta vez a partir da experiencia humana para superar os abismos da desproporción nas escalas (as medidas humanas fronte ás cósmicas). Este autor publica outro libro este ano onde revisa os relatos fundacionais e recolle unha colección de poemas políticos, *Filoxenia do sangue* (Tambo).

Do tempo e da memoria. Reparacións e premios

Xavier Lama foi o finalista do XXVI Premio Esquíu con *Tigres como Fausto con ollos de bruma*, fronte a un poemario certamente menos elaborado e máis previsible, *Casa pechada*, de Luz Pichel. Lama sitúase nunha posición de estrañamento para pensar o tempo ocupando o lugar de Fausto, situado no delirio dunha desafiante eternidade que o leva a artellar unha teoría persoal do tempo fronte a filósofos e poetas. Isto sitúao máis próximo á posición do cínico e á súa desconfianza dos supostos logros da civilización. Desmóntanse mitos redentores, descrece da utopía, da liberdade ou da redención, e afróntase o tempo en cru, sen paliativos. Un libro que incomoda porque desmonta toda a literatura que construíu a nosa consideración sobre a existencia, e presenta o tempo sen máis adobíos nin transcendencias.

Desde a posición contraria á fáustica, Xavier Rodríguez Baixeras ocupa o lugar do observador maduro n’*O pan da tarde* (Galaxia). Cada poema é unha instantánea existencial do transcorrer inevitable e incesante do tempo, que convida á introspección e, ao tempo, a pensar na morte, nunha dialéctica temporal que sitúa ao poeta entre o día e a noite, na conciencia do tránsito. Tamén a tarde serve de punto de partida para a esculca que propón Xavier Seoane en *Para unha luz ausente* (Espiral Maior). A poesía como forma para restituír o tempo, e os espazos nos que nos recoñecemos, é a proposta de Martín Veiga en *Fundaxes* (Espiral Maior), que recibiu o IV Fiz Vergara Vilariño, un poemario de mares, cidades e ruínas.

A memoria e o transcurso da existencia é un lugar común na poesía de moitos dos libros publicados, e curiosamente algúns deles acadaron premio. A IV edición do Premio Caixanova gañouno Arcadio López-Casanova con *Herdo do canto* (Danú), unha pescuda na existencia e na memoria propia; o poeta

publica tamén este ano *Dicir unha razón* (Libros da Frouma), case un tratado de poética. O XIII Premio Espiral Maior acadouno Manuel Darriba con *Vostede non sabe con quen está a falar* (Espiral Maior), unha colección de poemas breves que percorren os espazos do seu cotián con pincladas de humor. Pola súa banda, Manuel Álvarez Torneiro recunca no ton eléxico co *Parábola do incrédulo* (Tambo). Finalmente, a memoria nacional do século XX reconstruída como relato biográfico e na experiencia feminina (a muller como orixe) é a proposta d’*As horas de María* de Paco Souto (Espiral Maior), que gañou o X Jóhan Carballeira.

Canda a memoria colectiva, obsérvase unha revitalización da memoria persoal, como xustificación autobiográfica. A vida reconstruída como retallos miúdos en poemas mínimos é a proposta de Xesús Rábade Paredes n’*Os anos da memoria* (Espiral Maior), mentres que Abel Mendes na súa *Poética especulante* (Danú) opta polo poemario de iniciación e acode á revisión da súa infancia e adolescencia como un axuste de contas coa heterosexualidade normativa que remata na expresión do amor e do desexo *gay* xa na idade adulta.

Para pechar este apartado cómpre salientar a reaparición en Tambo de dous activos membros do colectivo Rompente e do Colectivo da Imaxe. Manuel M. Romón, autor de poemarios singulares, restrinxidos e case de culto cando abordou a súa traxectoria en solitario, publica este ano *Poesía barata*. Para a súa presentación recuperou unha fórmula que xa ensaiara en 1996 para o *Bonus track*, a colaboración con Julián Hernández. O espectáculo titulouse *Música barata para poesía barata*, e completouse cunha exposición de pintura barata. Convén ter en conta estes datos para valorar un proxecto artístico que parte do poema pero vai alén do texto. Por outra banda, o pintor e crítico Antón Patiño prolonga a súa mirada plástica nos poemas. Textos breves, reducindo a reflexión ao signo elemental, a máximas pausadas polos versos, seguindo o mesmo espírito reflexivo que guía a súa pintura. Cómpre salientar dúas partes do libro, a dedicada a Urbano LUGRÍS e mais as tres columnas coas que figura a reflexión poética sobre a orixe.

Fórmulas das reedicións e obras reunidas

Con boa parte das coleccións de clásicos para estudantes ben provistas, a reedición de clásicos mingou moito aínda que non se detivo. A colección Dombate de Galaxia mantén esa fórmula mixta de

combinar inéditos con reedicións que lle está a dar bos resultados, e no sifate deste ano aparecían a reedición de *Nimbo*, de Xosé María Díaz Castro, e mais *A ponte das poldras*, de Chus Pato. Xa na última xeira de Poeta en Compostela recuperouse *As laranxas de Alí Babá* de Carlos Negro, que publicara a emblemática Letras de Cal, e mais unha antoloxía de poemas de Helena de Carlos, *Aracne 3*. Pola súa banda, Alvarellos recupera un libro de Manuel María do seu fondo editorial, *Cataventos de neutróns domesticados*, agora con limiar de Camilo Gómez Torres, e Hipocampo Amigo edita *Trece poemas galegos e outras páxinas* de Gregorio San Juan, que recolle a súa obra na nosa lingua deste poeta alófono, e leva limiar de Alonso Montero.

Porén, algunhas editoras están máis interesadas en seguir un camiño aberto hai cinco ou sei anos, o de recuperar, se cadra de maneira apresurada, poemarios de escritores vivos baixo a fórmula de obra reunida. Así acontece c' *O cristal da sede*, de Henrique Rabuñal (Espiral Maior), e *As máscaras de Cronos*, de Ramón Caride Ogando, quen, malia a súa dedicación á narrativa, nunca deixou de escribir poemas. Neste libro recóllese a súa obra édita e dous libros inéditos: *Xeografía do sal*, un poemario onde conflúe a mariña e a erótica, e mais *Diacrónica*, onde a partir da constatación do tempo organiza unha cosmovisión explicitamente chantada na paisaxe do Salnés. Mais, sen dúbida, neste capítulo o libro máis sorprendente é o de Xoán-Manuel Casado, *Crónica persoal. Poesía completa 1973-2002* (Danú-PEN Club) editado polo seu amigo, Xesús González Gómez, que tivo acceso a todo o legado do escritor. O libro precisa unha lectura situada, colocándose na posición desde onde escribía o barcelonés Casado, e contrastándoo coa correspondente poesía coetánea. Entre todos os textos cómpre salientar un poema longo a xeito de singular autobiografía.

Compromiso e institucións

En xeral pódese afirmar, sen risco a enganarse moito, que as escolmas de varios autores adoitan ser un síntoma fiable da vitalidade e tendencias da poesía actual. No que ten de exercicio de selección e xustificación intervéñen de maneira eficaz nas lecturas e nos debates que acompañan os libros, e esa é a razón de ser da escolma. Intervir, con intención paracanónica ou paródica, pero intervir. Ou ben para gañar lectores, como acontece con *Amor en feminino. Antoloxía das poetas galegas. De Rosalía á Xeración dos*

80, preparada por Maximino Cacheiro (Baía), un libro desigual con poemas magníficos, pero froito dunha concepción conservadora e temerosa. Sen ir máis lonxe, reparen no título longuíssimo. Este ano, porén, se atendemos ás escolmas publicadas en formato libro, habería que concluír que foron as conmemoracións institucionais as que máis se interesaron por reunir poetas, e iso podería levarnos a pensar nunha momificación do xénero. E se ben é certo que o debate poético perdeu folgos, se cadra porque ten lugar noutros espazos e noutros soportes, se cadra porque os debates tamén teñen os seus ritmos, non se debe caer na tentación dunha análise sinxela destas publicacións institucionais. Porque con estes libros procurouse algo máis ca o simple rexistro dunha *performance* institucional na que a poesía cumpría función decorativa. O feito de que se publiquen en formatos habituais (lonxe están aqueles pesadísimos e fatigosos libros de cuberta ríxida e papel caro) e que se incorporen aos catálogos de editoriais convencionais debería facernos pensar sobre o papel da escolma institucional con intención de lectura popular. A presenza de literatos, especialmente de poetas, sempre acompañou as *performances* da *res publica*, pero neste caso hai ademais unha vontade de afirmación nacional incardinando o presente na tradición propia que viría representar a experiencia colectiva. A receita sería esta: amplas representacións de poetas de diversas xeracións, e mesmo un percorrido cronolóxico desde o Rexurdimento deica a actualidade, que non deixa lugar a dúbida sobre cal é a consideración da poesía nestes actos institucionais, a de representar a voz cívica no seu conxunto. Así se deben entender as tres escolmas que acompañaron as homenaxes e as publicacións apoiadas co gallo do ano da memoria. Alén da conmemoración histórica, a intención destes libros é abrir portas para pensar con vagar sobre a violencia e sobre a guerra onda nós, é dicir, recuperar esa memoria como factor de cohesión. *Poemas pola memoria (1936-2006)*, editado por Manuel Fernández Rodríguez (Xunta de Galicia), recompila e organiza tematicamente unha ampla mostra de poemas sobre a guerra, a xeito de tratado poético. *Cartafol poético para Alexandre Bóveda* (Espiral Maior e Xunta de Galicia) reúne os textos que se leron nun congreso de homenaxe no ano 2003 e reproduce un poema inédito de Bóveda. E finalmente *Volverlles a palabra. Homenaxe aos represaliados do franquismo*, coordinada por Xoán Carlos Domínguez Alberte e Baldo Ramos (Difusora), é unha miscelánea de inéditos na que participan arredor de 60 escritores

e artistas con limiar de Xesús Alonso Montero. O profesor, que leva moitos anos chamando a nosa atención sobre a literatura dese período histórico, editou unha rareza anónima, *Romances do dezaseis de febreiro de 1936* (Hipocampo Amigo), tres romances populares que, segundo a explicación do limiar, lle chegaron desde Buenos Aires grazas a Antonio Pérez Prado. No pasado e no presente, a poesía participa, da man da institución, nun dos temas que máis centra a atención do debate feminista na actualidade: a violencia machista. *Polifonías. Voces poéticas contra a violencia de xénero* (Espiral Maior e Xunta de Galicia) abre o feixe de poemas feitos para este acto por quince poetas galegas, cun poema de Rosalía de Castro a xeito de afirmación xenealóxica.

Fórmulas para o poema nos recantos dixitais

Se consideramos as escolmas como síntoma da vitalidade poética, as publicacións destes anos virían demostrar a esmagadora presenza da poesía como conmemoración, a ausencia de debate poético de seu e a ausencia tamén de novas voces formando unha fronte de desafío estético, esas que se dan a coñecer por medio de escolmas xeracionais. Mais é evidente que sería erróneo colixir que destas escolmas se deriva unha inmovilización da poesía como voz cívica vinculada á *res publica*. Sen dúbida, cómpre ter en conta outros factores. O relevo xeracional estase a producir de feito, aínda que non lle acertemos a dar un nome (as inadecuadas etiquetas, poesía dos 80 e poesía dos 90, servían, e serven, *grosso modo*, para distinguir grupos de idade e posicionamento poético). E ese relevo xeracional rastrexase nos premios publicados, por suposto, e sobre todo no soporte virtual, eses espazos autoxestionados de vida efémera e a miúdo difícil de rastrexar que as novas camadas de poetas, e non só os novos, empregan como caderno aberto de creación. Debería interesarnos máis, moito máis, o soporte virtual, malia as súas moitas eivas. É certo que conta co argumento en contra dunha abundante falta de calidade, mais, se ben se pensa, hai uns anos iso mesmo acontecía no soporte convencional. Existen algúns recantos, *blogs* e páxinas de poesía que permiten seguir a evolución e os experimentos máis ousados na poesía galega, onda outras insoportables transposicións do papel ao dixital. Mais, como xa teño dito, a poesía neste novo soporte debe ser máis ambiciosa e esculcar nas posibilidades de transformación da linguaxe poética,

interesantísima para seguir as evolucións da enunciación en primeira persoa coas posibilidades que ofrecen os avatares, a interdiscursividade, a disolución de voces, a desaparición do verso a favor do poema, a fragmentariedade e, por suposto, o reto da trenza de linguaxes (verbal, oral, visual). Poñamos por caso propostas distintas: ...mmm... (estibalizes.wordpress.com) de Estíbaliz Espinosa ou *Casatlántica* (casatlantica.blogspot.com) de María Lado. Algo está a mudar porque atopamos xa coa versión electrónica das gravacións nos soportes físicos de audio, cun exemplo interesante, o audiobook de *Berlín* (A Regueifa Plataforma), dispoñible en internet e preparado pola mesma María Lado con Fanny+Alexander, sen grandes complexidades técnicas, sen xogos hipertextuais e de magnífica factura. Soportes dixitais que conviven con outros máis convencionais pero non menos interesantes, coma o de Carlos Caneiro, *De bar en bar*, que, tal e como se explica no título, foi concibido como proxecto de comunicación poética para levar polos bares. E, de novo, unha escolma institucional, con vontade de eliminar obstáculos e facer dispoñible a literatura galega para outros usos e mesmo para outros públicos, *Poetas e narradores nas súas voces 2* (Consello da Cultura Galega).

O hipertexto non exclúe a letra impresa, do mesmo xeito que o soporte dixital non obriga ao anonimato (máis ben ao contrario, o que se bota en falta é a valentía da autoría, ese indicador que axuda a elixir lectura na selva da rede). Mais o que ao meu ver resulta máis necesario é unha especie de salón-distribuidor que dea a coñecer e incentive a lectura deses espazos na rede. Isto permitiría non só facer máis accesible esas escritas existentes senón que podería axudar a propiciar un debate menos conxuntural, alén dos foros-salón dos *blogs* e doutros espazos web restrinxidos. En calquera literatura, pero aínda máis nunha pequerrecha que precisa moitos folgos para publicar arredor de sesenta libros de poesía ao ano para non sabemos qué número de lectores, tomarse en serio as posibilidades de internet é fundamental. A autoedición é o recurso económico para escritores pero, para dispor aí dunha factoría eficaz, é precisa a intervención das editoras ou doutras factorías creativas. En internet redebúxanse as cartografía da literatura galega. Se non acomodamos territorio, é que non existimos. E a poesía é un xénero axeitado para explorar esas navegacións. A rede é un lugar que cómpre concibir como fórmula de compromiso urxente ■